

CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS MERCANTÍS

LEI DA CADEA ALIMENTARIA

POR UN EQUILIBRIO XUSTO NA CADEA ALIMENTARIA BASEADO NA CONFIANZA



A Fundación Juana de Vega e a Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias, AGACA, promoven a adhesión ao Código de Boas Prácticas Mercantís na Contratación Alimentaria, regulado pola Lei 12/2013, de 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria.

O obxectivo é que todos os operadores da cadea identifiquen os beneficios deste código á hora de favorecer a todo o sector agroalimentario e protexer os seus dereitos e os dos consumidores.



A LEI DA CADEA ALIMENTARIA

A Lei da Cadea Alimentaria (LCA) creouse para intentar frear as prácticas abusivas que se producen nas relacións comerciais entre os actores da cadea, e que saíron á luz grazas ao informe da Comisión Nacional de Competencia de 2011 sobre as relacións entre fabricantes e distribuidores do sector.

O labor principal da LCA é ofrecer unha canle adecuada para asegurar o

cumprimento das normas de protección fronte ao abuso. Ten unha dobre vertente, ao conxugar a **promoción dun Código de Boas Prácticas Mercantís cun réxime sancionador**. Trátase dunha **iniciativa de interese**, que merece a atención de todos os operadores da cadea para o desenvolvemento das súas relacións comerciais.

Esta Lei nace como unha nova medida para protexer os dereitos e fortalecer a confianza nas relacións comerciais, buscando que **as relacións comerciais sexan equilibradas e transparentes** e o valor engadido estea distribuído dunha forma máis equitativa.

Por iso, as relacións comerciais suxeitas á Lei da Cadea Alimentaria réxense por unha serie de principios:

- Equilibrio entre as diferentes partes.
- Distribución equitativa de riscos e responsabilidades.
- Liberdade de pactos e boa fe.
- Interese mutuo e cooperación.
- Transparencia e respecto á libre competencia no mercado.



POR QUE NACE A LEI? PRINCIPIOS BÁSICOS

A QUEN LLE AFECTA?

A LCA aplícase ás relacións comerciais que se producen entre os operadores da cadea alimentaria, dende a produción ata a distribución de alimentos ou produtos alimenticios.

Relacións afectadas pola LCA

- Relacións con provedores de produtos alimentarios.
- Relacións coa alimentación moderna e os *Cash & Carrys*.
- Relacións coa alimentación tradicional e as tendas de conveniencia.

Relacións excluídas da LCA

- Relacións con provedores de produtos non alimentarios.
- Entregas de socios a cooperativas.
- Actividades de transporte.
- Actividades de hostalería ou restauración.
- Relacións con consumidores finais.



Faise necesario distinguir entre dous tipos de obrigas:

- As que obrigan a formalizar por escrito os contratos alimentarios e a custodiar os documentos por un período de dous anos.

- As que son as aplicables en todo caso e representan a prohibición de prácticas abusivas.

Non é sinxelo interpretar os criterios que determinan a obrigatoriedade de formalizar os contratos por

escrito, por iso, **é aconsellable que as relacións comerciais vaian sempre por escrito** para evitar posibles complicacións.

**CALES SON
AS SÚAS
IMPLICACIÓNS?**

REGULACIÓN DOS CONTRATOS

A formalización dos contratos deberá realizarse antes do inicio das prestacións que os orixinen. Os contratos conterán como mínimo o seguinte:

- Identificación das partes.
- Obxecto do contrato.
- Prezo e descontos.
- Condicións de pago e da entrega dos produtos.
- Dereitos e obrigas das partes contratantes.

- Duración do contrato, así como as condicións de renovación e modificación.

- Causas, formalización e efectos da extinción do contrato.

Os prazos de pago, sen que caiba pacto en contrario, son os seguintes:

- Produtos perecedoiros: 30 días
- Produtos non perecedoiros: 60 días

○ incumprimento dos prazos de pago constitúe unha infracción grave da norma.

Obriga de gardar os documentos

Nos mesmos casos nos que existe a obriga de formalizar os contratos, establécese a obriga de gardar toda a documentación dos contratos alimenticios (sexo en soporte electrónico ou en papel) por un período de 2 anos.

PRÁCTICAS PROHIBIDAS

A LCA prohíbe tres prácticas, por considerarse abusivas. Desafortunadamente case todas presentan problemas interpretativos, polo que será precisa a aplicación efectiva da Lei.

1 Modificacións unilaterais e pagos comerciais non previstos

Como norma xeral, pódese modificar o contido do contrato de mutuo acordo en todo momento, incluso con carácter retroactivo. Pero prohibense os pagos adicionais sobre o prezo pactado, salvo que se refiran a:

- Risco de referenciación dun novo produto (entrada dun novo produto ou referencia nunha empresa de distribución minorista. Adoita suceder que coa incorporación dun novo produto ou referencia, ao non coñecerse as vendas que vai ter, se pacte unha cantidade a maiores do prezo do produto durante un período).
- Financiamento parcial dunha promoción reflectida no PVP unitario (asumir parcialmente o custo do desconto que se lle practica a un produto nunha promoción comercial).

Ademais, en ambos casos, debe documentarse por escrito, indicando importes, o seu obxecto e a súa devolución, se non se logran os obxectivos establecidos.

2 Información comercial sensible*

A LCA di que é práctica abusiva o uso inadecuado por unha das partes da información comercial sensible nas relacións comerciais:

- ○ contrato debe indicar a información que se debe subministrarse e os prazos de entrega desa información.

*Conxunto de coñecementos técnicos que non son de dominio público, que están referidos á natureza, características ou finalidades dun produto, aos métodos ou procesos para a súa produción ou aos medios ou formas para a súa distribución ou comercialización, e cuxo coñecemento é preciso para a fabricación ou comercialización do produto.



- Non se lle pode esixir á outra parte información comercial sensible que non estea recollida no contrato.
- A información comercial sensible só se pode usar para o fin para o que foi facilitada, respectándose a confidencialidade da información en todo momento.
- Non se pode desvelar nin esixir información comercial sensible sobre outros operadores da cadea.

📌 Xestión de marcas

- É obrigatorio xestionar as marcas dos produtos alimentarios, evitando prácticas contrarias á libre competencia, á competencia desleal ou á publicidade ilícita.
- Prohíbese o aproveitamento indebido da iniciativa empresarial allea e calquera outra acción que poida xerar risco de asociación ou confusión entre uns produtos e outros.


○ que se pretende é dar resposta ás reclamacións dos produtores e da industria transformadora fronte ao uso por parte dos distribuidores da marca da distribución, en prexuízo das marcas de fabricante.

CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS MERCANTÍS

A Lei da Cadea Alimentaria aprobou un Código de Boas Prácticas Mercantís na Contratación Alimentaria, que foi apoiado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA) e negociado coas asociacións e organizacións representativas da produción, a industria e a distribución, e coa participación do Ministerio de Economía e das Comunidades Autónomas.

○ Código recolle os principios que deben guiar as relacións comerciais para que sexan máis leais e equitativas. Estes principios son: legalidade, defensa dos consumidores, liberdade, lealdade, transparencia, claridade, concreción, simplicidade e sostibilidade da cadea alimentaria.

A adhesión ao Código é voluntaria pero o operador que se adhira terá que cumprilo



PRINCIPIOS DO CÓDIGO

VANTAXES DA ADHESIÓN

A Lei contempla determinadas medidas que pode adoptar o MAGRAMA para promover o seu uso.

Algunhas delas son: a **publicidade das empresas adheridas** (recollidas no Rexistro Estatal creado a estes efectos), a posibilidade de usar o **selo “Acollido ao Código de Boas Prácticas Mercantís na Contratación Alimentaria”**, realización de **campañas de promoción estatal** e a consideración da adhesión ou non ao Código como un criterio adicional á hora de conceder **axudas e subvencións**.

Ademais, o Código inclúe un **sistema de resolución de conflitos** de aplicación obrigatoria para os seus membros, así como a existencia dun procedemento de mediación a instancia dunha das partes.

As grandes empresas deben contar cun procedemento interno de resolución de conflitos cuxa función será a dun “defensor do cliente e do proveedor”. Se continúan as discrepancias, entón, se o operador quere continuar coas actuacións, a resolución do conflito

someterase a un sistema de mediación, ou, no seu defecto, poderase acudir a un sistema de arbitraje.

Pola contra, as PEMEs están exentas de desenvolver o procedemento interno de resolución de conflitos. Neste caso, o operador que se considere prexudicado terá que solicitar que o problema se solucione nun nivel superior da xerarquía comercial da empresa nun prazo máximo de 10 días hábiles dende a presentación da solicitude.

GARANTÍAS DO CUMPRIMENTO DA LEI: AICA

A instrución dos casos e a supervisión do cumprimento da LCA de forma fiable, independente e transparente encoméndase a un órgano de nova creación: a **Axencia de Información e Control Alimentario (AICA)**. Trátase dun organismo dependente do M-GRAMA. En AICA vixían as prácticas comerciais reguladas pola Lei para evitar os desequilibrios nas relacións comerciais.

Ademais, para facer cumprir a Lei, **os inspectores de AICA teñen a condición de axentes de autoridade** con capacidade de realizar inspeccións e instruír expedientes sancionadores por incumprimento da Lei, polo tanto, é obrigatorio atender os seus requirimentos e entregar a documentación que soliciten.

Como actúa AICA e como se pode denunciar?

AICA centra as súas actuacións en todos os elos da cadea e en todos os sectores agroalimentarios.

As actuacións de inspección desenvólvense por dúas vías:

- **Cando recibe a denuncia** dalgunha das partes informando do incumprimento da Lei da Cadea Alimentaria.
- **De oficio**, cando hai indicios de irregularidades nas transaccións comerciais.

As denuncias poden presentarse na propia AICA ou nun Rexistro Oficial.

A persoa que presente a denuncia debe estar perfectamente identificada e debe incluír o relato dos



feitos, a data e, se é posible, a identificación dos presuntos responsables.

Todos poden denunciar, xa que AICA garante a confidencialidade no tratamento da información.

A información que recibe AICA tamén pode ser anónima, o que lle permite á Axencia estar alerta e obter indicios razoables e suficientes para facer inspeccións de oficio a empresas ou establecementos nos que se pense que se poida estar incumprindo a Lei.

Cales son as sancións por incumprir a Lei?

Cando as inspeccións realizadas comprobán incumprimentos da Lei, AICA inicia un procedemento

sancionador. Establécense tres tipos de infraccións, segundo a gravidade e a reincidencia dos incumprimentos cometidos:

Infraccións leves: ata 3.000 €

Infraccións graves: entre 3.001 e 100.000 €

Infraccións moi graves: entre 100.001 e 1.000.000 €

A repetición de dúas ou máis infraccións leves nun período de dous anos, considérase grave. Tamén se clasifica como infracción grave o incumprimento dos prazos de pago nas operacións comerciais. Do mesmo xeito, a repetición de dúas ou máis infraccións graves en dous anos, considérase moi grave.

SÚMATE!! É MOI SINXELO

Para facer os trámites podes chamar a:



T: 981 584 783

Rúa Tomiño, 22
15703 Santiago de Compostela

ou enviar un email a
Sandra Rey: estudos2.agaca@gmail.com
ou a Ruth Rodríguez: rferreiros@agaca.coop



Rúa Tomiño, 22
15703 Santiago de Compostela

T: 981 584 783

www.agaca.coop



**Fundación
Juana de Vega**

Rúa Salvador Allende, 92
15176 Oleiros - A Coruña

T: 981 654 637
info@juanadevega.org

www.juanadevega.org